# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL CPR PLURILINGÜE SEI SAN NARCISO

CURSO: 2025/2026

## TÁBOA DE CONTIDO


1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO ..... 4

2. HORARIO XERAL DO CPR ..... 8

2.1. HORARIO LECTIVO ..... 8

Segundo nivel académico: ..... 8

2.2. HORAS E CONDICIÓNS DA DISPOÑIBILIDADE DE USO DAS INSTALACIÓNS PARA O ALUMNADO ..... 9

2.3. HORAS E CONDICIÓNS EN QUE O CENTRO PERMANECERÁ ABERTO PARA A COMUNIDADE ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO ..... 9

2.4. HORARIO DE VERÁN ..... 9

3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ..... 9

3.1. TRANSPORTE ESCOLAR ..... 9

3.2. COMEDOR ..... 10

4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE ..... 12

5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO ..... 12

6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ..... 12

7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA ..... 13

8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO ..... 14

9. PROXECTO EDUCATIVO ..... 14

10. CONCRECIÓN CURRICULAR ..... 15

11. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO ..... 15

12. PLAN ANUAL DE LECTURA ..... 15

13. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL ..... 15

14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE ..... 17

15. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES ..... 17

16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO ..... 17

16.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL 17

16.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA ..... 17

16.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE ..... 17

16.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA ..... 22

16.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN ..... 312

17. CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ..... ¡Error! Marcador no definido.2

18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA ........ 52
19. PLURILINGÜISMO ........ 52
19.1. PROFESORADO RESPONSABLE ........ 52
19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PLURINFANTIL ........ 53
19.3. CENTROS PLURILINGÜES ........ 53
19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES ........ 53
20. PLAN PROXECTA ........ 54
21. CONTRATOS-PROGRAMA: ........ 54
22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO ........ 54
23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO ........ 55
24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO ........ 55

## 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

| **Obxectivo: Mellora da convivencia escolar** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Utilización da ferramenta Termómetro Acoso Escolar | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Número de aulas nas que se utilizou a ferramenta | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos da Consellería | | |
| **Acción 2** | Revisión e aplicación rigurosa do Plan de Convivencia | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Revisión | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 3** | Adhesión ó Plan Director | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de charlas divulgativas | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 4** | Charlas de entidades públicas ou privadas | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de charlas | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 5** | Implicación das familias | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **1º T** X |
| **Indicador** | **Talleres formativos para familias** sobre convivencia e límites positivos. | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| **Obxectivo: Avanzar coa implantación do Programa Plurilingüe** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Nomeamento de coordinador do equipo de nativos en inglés |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Nomeamento | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 2** | Novo programa extraescolar de inglés | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Actividades diarias para o fomento da conversa en inglés | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro (profesorado de inglés e nativos) | | |
| **Acción 3** | Profesorado nativo en extraescolares de inglés | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Incremento de número de docentes nativos | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro (profesorado de inglés e nativos) | | |
| **Acción 4** | Preparación de certificacións en inglés nas actividades extraescolares | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de alumnos que se presentan ós exames Cambridge no mes de Xuño a realizar no propio centro | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 5** | Consolidación do Clube de lectura en inglés | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **1º T** X |
| **Indicador** | Lecturas en inglés na biblioteca do centro nos recreos. | | |
| **Responsables** | A Dirección e departamento de inglés | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| **Obxectivo: Consolidación do funcionamento da biblioteca do centro** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Incremento dos fondos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T X** | **3º T** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | Número de fondos por idade e por categoría | | |
| **Responsables** | A Dirección e o equipo da Biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |
| **Acción 2** | Actividades cos escritores dos libros do Plan Lector do centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Número de actividades: 2 mínimo por trimestre por nivel académico | | |
| **Responsables** | As xefaturas de departamentos | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |
| **Acción 3** | Consolidación do equipo do periódico – Faro Escola | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Número de participantes | | |
| **Responsables** | O responsable da actividade do periódico | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |

| **Obxectivo: Aula Virtual** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Implantación na ensinanza secundaria obrigatoria | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de aulas funcionando | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| **Obxectivo: Mellora de instalacións do centro** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Mellora da aula de tecnoloxía | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Mellora da aula, renovación de mesas e material | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 2** | Dotación de material dos laboratorios | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Dotación de material dos laboratorios | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 3** | Renovación da zona verde traseira ás pistas de pádel | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Execución do proxecto | | |
| **Responsables** | A Xerencia | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro e Plan Social ENCE | | |
| **Acción 4** | Continuación do proxecto de gran parque no colexio | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Novas elementos destinados a Parque Infantil | | |
| **Responsables** | A Xerencia | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro e Plan Social ENCE | | |

| **Obxectivo: Consolidación da Feria de Orientación Académica** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Celebración da 2ª edición | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de Universidades Presentes | | |
| **Responsables** | A Dirección / UNIE / Departamento de Orientación | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 2** | Extensión desta actividade a actividades semanais | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** X | **3º T** X |
| **Indicador** | Número de actividades durante a semana | | |
| **Responsables** | A Dirección / Departamento de Orientación | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| **Obxectivo: Centenario do centro** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Creación da comisión de traballo | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** X | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | Número de membros | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |
| **Acción 2** | Celebración de actividades | | |

| | Temporalización | | |
|---|---|---|---|
| | **1º T** | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Número de actividades | | |
| **Responsables** | Gerencia e Dirección | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

| **Obxectivo: Semana dos Primeiros Auxilios** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Celebración da 2ª edición | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** X | **3º T** |
| **Indicador** | Número de aulas que pasan pola formación | | |
| **Responsables** | Profesorado Ciclos de FP sanitarios | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos do centro | | |

## 2. HORARIO XERAL DO CPR

### 2.1. HORARIO LECTIVO

Segundo nivel académico:

- Infantil/Primaria: de 8.30 a 13.30
- ESO/Bacharelato: Luns e martes, de 8.30 a 15.15; mércores, xoves e venres de 8.30 a 14.25
- FP: Luns e martes de 8.30 a 14.45; mércores e xoves de 8.30 a 15.35 e venres de 8.30 a 13.35

## 2.2. Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado

Durante todo o horario lectivo e ata o fin das actividades extraescolares (aprox. 18.00)
Posteriormente, permítese o uso de instalacións deportivas previa petición por escrito ó centro ou aluguer a través da aplicación.

## 2.3. Horas e condicións en que o centro permanecerá aberto para a comunidade escolar fóra do horario lectivo

Dende as 7:30 (Plan Madruga) ata ás 8:30
Dende as 18:00 ata ás 23:59 (Actividades en instalacións deportivas – Concello de Marín)

## 2.4. Horario de verán

Segundo peticións de organización de actividades deportivas, inmersión de inglés, campamentos de grupos.

# 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

## 3.1. Transporte escolar

| Ruta | Nº de alumnos transportados | Itinerario/Paradas |
|---|---|---|
| 1. Ruta 1 | 46 alumnos | Cangas-Bueu-Seixo-Colexio |
| 2. Ruta 2 | 53 alumnos | Combarro – Pontevedra - Marín |
| 3. Ruta 3 | 55 alumnos | Entorno Marín |
| 4. Ruta 4 | 51 alumnos | Marín Centro |
| 5. Ruta 5 | 29 alumnos | Marín Centro 2 |

PROTOCOLO DE USO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

- O servizo de transporte escolar é un servizo privado que o centro pon a disposición da súa comunidade escolar única e exclusivamente, con preferencia ao seu alumnado. Non está permitido o uso do mesmo por persoal alleo ó centro, salvo excepcións autorizadas dende Dirección.
- Cada usuario ten a posibilidade de contratar servizo de ida/volta, servizo de ida ou servizo de volta. A información das tarifas e rutas atópase na web do centro e o trámite da contratación terá que facerse na Secretaría do centro.
- Cada usuario ten un documento identificativo que lle permite o uso do transporte escolar no curso 2025/2026. O documento é de cor negra para o curso 2025/2026. Cada ruta indicada no cadro contén paradas de tarifa ruta curta e paradas de tarifa ruta longa.
- Cada autobús conta cun monitor acompañante.
- Os usuarios terán que estar á hora correspondente na súa parada. Os horarios das paradas están anunciados na páxina web do centro.
- Cada usuario ten un asento asignado tanto na viaxe de ida como na viaxe de volta e non poderá cambialo salvo indicación expresa da Dirección do centro. O alumnado do Segundo Ciclo de Educación Infantil e do Primeiro Ciclo de Educación Primaria, ocuparán os asentos dianteiros por orde de idade (de menor a maior).
- A utilización do servizo queda sometida ó Plan de Convivencia do centro.

## 3.2. COMEDOR

| Turno | Nº usuarios | Horarios |
|---|---|---|
| EDUCACIÓN INFANTIL | 58 alumnos | 13:25 – 14:25 |
| EDUCACIÓN PRIMARIA | 106 alumnos | 13:30 – 14:30 |
| ESO / BACH / FP / INTERNOS | 37 alumnos | |
| DOCENTES / PAS | Segundo o día | 15:15 – 15:45 (luns e martes)<br>14:25 – 15:15 (mércores, xoves e venres) |
| EXTERNOS / HOTEL | Segundo o día | Segundo organización |

PROTOCOLO DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

- O servizo de comedor escolar é un servizo privado que o centro pon a disposición da súa comunidade escolar única e exclusivamente, con preferencia ao seu alumnado. O uso a persoas alleas á comunidade escolar está restrinxido a usuarios de cursos ou concentracións que teñen lugar nas instalacións do centro.
- Poderá facerse uso do servizo de comedor escolar contratando o mes completo ou por días soltos. A información de tarifas e o trámite de contratación terá que facerse na Secretaría do centro mais está publicada na páxina web do centro.
- Poderá consultarse o menú mensual na páxina web do centro.
- Cada usuario terá sitio fixo no comedor e non o poderá intercambiar con ninguén sen autorización da Dirección. A colocación dos usuarios nas mesas é por aulas.
- *Alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil*:
    a. Estará situado nas mesas do frontal central do comedor, separados por seccións.
    b. Tras acceder ó comedor, o alumnado situarase no seu sitio á espera de que lle sexa servida a comida.
    c. Tres acompañantes adultos son os encargados de vixiar o benestar do alumnado así como a responsabilidade de acompañalos ao lavabo. Tamén serán quen os entregue á familia, ao acompañante monitor do autobús ou ao profesor de actividades da tarde. Levan o control tanto uns coma outros dos nenos que puidesen faltar nesa xornada (pasando lista se fose preciso) e se manterán pendentes dos cambios de última hora que podan xurdir. O profesor mantén a orde e o "silencio" no comedor.
    d. Os acompañantes de comedor axudan e ensinan aos nenos a comer, que o fagan de xeito correcto, animan a que proben novos alimentos (non obrigamos a comer aos nenos).
    e. Se nalgún momento o coidador aprecia que un neno non come o suficiente avisa ao titor correspondente para que o poña en coñecemento da familia.
- *Alumnado de Educación Primaria*:
    a. Estará situado nas mesas do frontal norte do comedor, separados por seccións.
    b. Tras acceder ó comedor, e ó recibir a autorización dos docentes encargados, o alumnado situarase no lineal de servizo, collendo a bandexa e os utensilios para comer, esperando a que o persoal de cociña sirvan os dous pratos e o postre. Posteriormente, ocupa o seu lugar na mesa e asento asignado.
    c. Tres acompañantes adultos son os encargados de vixiar o benestar dos alumnos e autorizarán aos mesmos no caso de necesitar ir ó baño. Tamén serán quen os entregue á familia, ao acompañante monitor do autobús ou ao profesor de actividades da tarde. Levan o control tanto uns coma outros dos nenos que puidesen faltar nesa xornada (pasando lista se fose preciso) e se manterán pendentes dos cambios de última hora que podan xurdir. O profesor mantén a orde e o "silencio" no comedor.
    d. Os acompañantes de comedor axudan e ensinan aos nenos a comer, que o fagan de xeito correcto, animan a que proben novos alimentos (non obrigamos a comer aos nenos).
    e. Se nalgún momento o acompañante de comedor aprecia que un neno non come o suficiente avisa ao titor correspondente para que o poña en coñecemento da familia.
- *Alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos de FP e internos*:
    a. Estará situado nas mesas do frontal sur do comedor.
    b. Tras acceder ó comedor (nunca antes da chegada do docente encargado), o alumnado situarase no lineal de servizo, collendo a bandexa e os utensilios para comer, esperando a que o persoal de cociña sirvan os dos pratos e o postre.

Posteriormente, ocupa o seu lugar na mesa e asento asignado.

- Os usuarios que os luns e/ou martes marchan no autobús das 15:15 permanecen co profesor de garda do estudo ata esa hora na sala de recollida do pavillón de primaria, de xeito que non cortan o ritmo daqueles que permanecen nos estudos. Son recollidos alí polos acompañantes do autobús. Poden aproveitar este rato para o aseo persoal e o xogo.
- Usan tamén estas instalacións ocasionalmente campamentos ou concentracións deportivas que permanecen no centro, polo que é preciso manter a orde e o bo comportamento en todo momento.

## 4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

- Responsable: Dolores Rodríguez Alonso
- Composición: 2 persoas de administración, 1 persoa de mantemento, 5 persoas de limpeza e 1 persoa de xardinería.

## 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

Coordinación do programa: Antonio Traba Miñones
Coordinación de actividades extraescolares deportivas: Alberto Fraile Cancela
Coordinación de actividades extraescolares de inglés: Ana María Ogando Abeledo
Coordinación de actividades extraescolares de estudio: María Pintos Dopazo
Coordinación de actividades complementarias: Equipo directivo

- Concreción anual do programa.

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Iniciación ó pádel | Todo o curso | Primaria/ESO | Especialistas |
| Preparación Certificación Cambridge | Todo o curso | Primaria/ESO | Especialistas |
| Estudio vixiado | Todo o curso | Primaria/ESO | Especialistas |
| Pequetalleres | Todo o curso | Infantil | Especialistas |
| Actividades extraescolares deportivas: Pádel, Fútbol e Voleibol | Todo o curso | Infantil, Primaria e ESO | Especialistas |
| Excursión á neve | Xaneiro | Ciclos FP | Titores |
| Excursión a Madrid | Maio | 5º- 6º Primaria | Titores |
| Excursión a Italia | Marzo | 1º Bacharelato | Titores |
| Olimpíadas SEI | Maio | 3º Primaria – 4º ESO | Todo o claustro |
| Excursións de fin de curso por nivel | Abril – Maio-Xuño | Todo o centro | Titores |
| Saídas varias por ciclo educativo | Todo o curso | Todo o centro | Titores |

## 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Organización dos simulacros de evacuación do centro:

- Primeiro trimestre: Edificio principal das aulas infantil e primaria e no edificio principal das aulas de secundaria/bacharelato e FP
- Segundo Trimestre: Teatro e Pavillón de deportes

## 7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Ángeles Marín Soliño | | Primaria |
| Nome equipo apoio/dinamización | | Nivel/Especialidade |
| Montserrat Barreira Lamas | | Primaria |
| Nuria Area Arias | | Primaria |
| Héctor Silveiro Fernández | | Secundaria |
| Sara Veiga López | | Secundaria |

- Horario:

| Horarios funcionamento biblioteca | |
|---|---|
| Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo | • Infantil / Primaria: 10.30-11.00<br>• ESO/Bach: 11.00-11.30/13.00-13.35 |
| Horario de apertura en horario non lectivo. | • 15.00-17.00 |
| Horario para a coordinación de biblioteca. | • Mércores de 15.00 a 17.00 |

- Forma parte do Plan de Melloras de Bibliotecas (PLAMBE Xunta de Galicia)
- Orzamento asignado á biblioteca: 2.000 € no curso 25/26
- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Consolidación do funcionamento da biblioteca do centro** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Incremento dos fondos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T X** | **3º T** |
| **Indicador** | Número de fondos por idade e por categoría | | |
| **Responsables** | A Dirección e o equipo da Biblioteca | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |
| **Acción 2** | Actividades cos escritores dos libros do Plan Lector do centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T X** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | Número de actividades: 2 mínimo por trimestre por nivel académico | | |
| **Responsables** | As xefaturas de departamentos | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |
| **Acción 3** | Consolidación do equipo do periódico – Faro Escola | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T X** | **2º T X** | **3º T X** |
| **Indicador** | Número de participantes | | |
| **Responsables** | O responsable da actividade do periódico | | |
| **Recursos e materiais** | Propios do centro | | |

## 8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

- Descrición dos programas.

| **Formación continua en Atención á Diversidade** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Talleres de Orientación | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☐ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☒ Taller |
| **Horas** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | Departamento de Orientación | | | | | |
| **Participantes** | Claustro de docentes | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☒ Non ☐ | | |
| **Nome coordinador** | Santiago García Vázquez | | | | | |
| **Nome asesor externo** | --- | | | | | |

| **Formación continua bonificada** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Cursos varios segundo catálogo “Formación en la nube” | | | | | |
| **Tipo** | ☒ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☐ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | Dirección / Administración | | | | | |
| **Participantes** | 100% | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☐ Non ☒ | | |
| **Nome coordinador** | Antonio Traba Miñones / Dolores Rodríguez Alonso | | | | | |
| **Nome asesor externo** | --- | | | | | |

## 9. PROXECTO EDUCATIVO

- O proxecto educativo do centro foi actualizado para o presente curso 25/26, incorporando a filosofía, a visión e a misión de pertencer ao Grupo de Colexios SEI. O documento foi aprobado polo Claustro de Profesorado e Consello Escolar.

## 10. CONCRECIÓN CURRICULAR

- Traballaremos na Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º curso: ciencias sociais e ciencias naturais) e na Educación Secundaria (1º, 2º, 3º curso: ciencias e matemáticas; e 4º curso: educación física e matemáticas) o inglés a través do programa plurilingüe.
- Non hai cambios na concreción curricular con respecto ao curso pasado.

## 11. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

O listado de libros e material dos diferentes niveis académicos do centro pode consultarse no seguinte enlace da web do colexio: https://colegioseisannarciso.com/secretaria/libros-y-material.

## 12. PLAN ANUAL DE LECTURA

- Tendo como referente o proxecto lector, que se pode consultar na web do centro: Menú-Secretaría-Libros de texto.

| **Actividade** | **Data prevista** | **Curso implicado** | **Profesorado responsable** |
|---|---|---|---|
| Visitas – charlas cos autores dos libros do Plan do Ano | Durante todo o ano | Dende 3º primaria a 2º bacharelato | Titores |
| Club de lectura en inglés | Durante todo o ano | Inicialmente co 2º e 3º ciclo de Primaria | Ana M. Ogando Abeledo |

## 13. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC. CONCRECIÓN ANUAL

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Andrea García Martínez | | |
| Nome equipo apoio/dinamización | | Nivel/Especialidade |
| Alejandro Vilar López | | |
| Joaquín Nieto Pol | | |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo:** Formar ao noso alumnado no uso responsable das TICs | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado do centro e alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Aula informática en secundaria, aulas abalar en 5º e 6º de EP e en 1º e 2º de ESO<br>Pantallas dixitais en infantil, primaria, ESO, bacharelato e ciclos | | |

| **Obxectivo:** Utilizar de forma progresiva as TIC como recurso educativo | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado do centro | | |
| **Recursos e materiais** | Aula informática en secundaria, aulas abalar en 5º e 6º de EP e en 1º e 2º de ESO<br>Proxectores en 3º e 4º de EP, en 3º e 4º de ESO e en bacharelato | | |

| **Obxectivo:** Implicar ao profesorado no proceso de avaliación. Utilización das plataformas ALEXIA e XADE | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado do centro | | |
| **Recursos e materiais** | Aula informática en secundaria. | | |

| **Obxectivo:** Potenciar a elaboración e a utilización de recursos TIC entre os docentes | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Todo o profesorado do centro | | |
| **Recursos e materiais** | Aula informática en secundaria. | | |

| **Obxectivo:** Seguir utilizando unha plataforma como medio de comunicación coas familias. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☒** | **3º T ☒** |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Administración do centro e profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Ordenadores de administración. | | |

| **Obxectivo:** Implantación da aula virtual no centro | |
|---|---|
| **Acción 1** | **Temporalización** |

| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
|---|---|---|---|
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Administración do centro e profesorado | | |
| **Recursos e materiais** | Aula de informática | | |

## 14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| Non existe adhesión a programa específico | | | |

## 15. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES

INFANTIL: Nunca se realizarán actividades nin tarefas fóra do horario lectivo

PRIMARIA: Nos dous primeiros cursos de primaria soamente se traballarán os desenvolvementos de competencia lectora e pequenas actividades de cálculo e ortografía, mediante cuadernillos, deixando un día no medio da semana sen tarefas.

## 16. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

### 16.1. Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil

O número maioritario de pais e nais castelán falantes pertencentes á Comunidade Escolar do Colexio San Narciso presenta unha realidade sociolingüística complexa, que esixe unha implicación pormenorizada do conxunto do profesorado e da dirección do mesmo na promoción do galego na Comunidade Escolar, poñendo especial atención na aplicación do estipulado pola lei.

### 16.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

**Docentes:** Secundaria: Héctor M. Silveiro Fernández (coordinador), Teresa González Fernández, Sara Veiga López, María David Pérez e Noelia Muñiz Vidal.

**Docentes:** Primaria: Darío Suárez Pérez, Francisco Jiménez García, Ángel Bugallo López, Ángeles Marín Soliño, (Primaria) e Ana Rodríguez Gómez (Infantil)

**Persoal non docente:** Yudani Dacosta Lamoso.

**Alumnos/as:** A constituír e ampliar tras das primeiras actividades deste curso.

### 16.3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte

| **Obxectivo: Sensibilización inicial no conxunto do centro** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Acción 1** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ | ☐ Conseguido | ☒ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **Lema do curso e sensibilización inicial** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG e DEPARTAMENTOS | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Realizados polo EDLG | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Xeralizar e implicar máis á dirección na importancia da normalización e utilidade da competencia lingüística.** | | | | | |
| **Acción 2** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ | ☐ Conseguido | ☒ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **Incorporación de novos alumnos/as ao EDLG** | | | | | |
| **Responsables** | Profesorado do EDLG | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Charla na biblioteca | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | Incorporar a un maior número de alumnos/as no comezo do curso | | | | | |
| **Obxectivo: INFANTIL E PRIMARIA** | | | | | | |
| **Acción 2** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐Non conseg |
| **Indicador** | AS Meigas da Lingua traen ao APALPADOR | | | | | |
| **Responsables** | Alumnado de Secundaria e profesorado do EDLG | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Dramatización nas aulas de Infantil e Primaria | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter a proposta e preparala cunha maior participación dos docentes de infantil.** | | | | | |

| Obxectivo: INFANTIL E PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Acción 3** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ | ☐ Conseguido | ☒ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **ENTROIDO** | | | | | |
| **Responsables** | Profesorado de Infantil e Primaria | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Uso dos espazos ao aire libre do centro | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter a proposta esperando non ter limitacións motivadas pola COVID** | | | | | |
| **Acción 4** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | Semana das Letras Galegas e actividade específica do Trasno das Letras | | | | | |
| **Responsables** | Profesorado de GALEGO e Equipo de EDLG e implicación nas casas | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Recitados colectivos para teatrais en Infantil e Primaria. Preparar a recepción Trasno das Letras | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter a proposta e preparala cunha maior participación dos docentes de Primaria.** | | | | | |

| Obxectivo: SECUNDARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Acción 1** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ | ☐ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☒ Non conseg |
| **Indicador** | **Concursos de relatos de medo** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG, Equipo de Biblioteca e Departamentos de linguas | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Elaboración alumnado de Secundaria | | | | | |
| **Resultados** | Tivemos que decidir adiar a convocatoria dada a escasa participación no presente curso | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Mellorar a participación e a implicación dos Departamentos realizar unha convocatoria máis atractiva e implicando ao propio alumnado.** | | | | | |
| **Acción 2** | | | | | | |

| | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☐ | 2º T ☒ | 3º T ☒ | ☐Conseguido | ☐ Parcialmente | ☒ Non conseg |
| **Indicador** | Día da Poesía e do Teatro Dramatización no patio / Concurso de Teatro Clásico | | | | | |
| **Responsables** | EDLG e Departamentos de Linguas | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Recitados e Dramatizacións non realizados ante todos os cursos a causa da pandemia | | | | | |
| **Resultados** | Realizado con limitacións do protocolo COVID 19 (implicación e ampla participación de profesorado e alumnado) | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter estas accións e asentalas no calendario de actividades do centro** | | | | | |

**Obxectivo: CALENDARIO TRADICIONAL**

| **Acción 3** | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☐ | 3º T ☐ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐Non conseg |
| **Indicador** | **O APALPADOR NO COLE** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Ensaios e Dramatización, ademais da preparación dun vestiario axeitado, carteis relativos ao evento. | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter a proposta implicando á totalidade docentes de cada curso e incorporar de novo accións nos Maios.** | | | | | |

| **Acción 4** | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☐ | ☒Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐Non conseg |
| **Indicador** | NADAL - ENTROIDO (Infantil, Primaria e Secundaria) | | | | | |
| **Responsables** | DACE e EDLG | | | | | |
| **Recursos e materiais** | | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter as accións e preparalas cunha maior participación dos docentes e implicación das familias.** | | | | | |

**Obxectivo: LETRAS GALEGAS**

| | |
|---|---|
| **Acción 5** | |

| | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☐ | 2º T ☒ | 3º T ☐ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **Espectáculo poético- musical DAS LETRAS** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG, e Departamento de Galego | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Partituras e ensaios, recitados e dramatizacións | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Regularizar e ampliar a implicación do alumnado en xeral nas actividades propostas.** | | | | | |

| **Acción 6** | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☐ | 2º T ☐ | 3º T ☒ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | Encontro cunha autora | | | | | |
| **Responsables** | EDLG, Equipo da Biblioteca e Departamento de Galego | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Preparación do agasallo á autora | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Manter as accións** | | | | | |

**Obxectivo: TOPONIMIA**

| **Acción 7** | Temporalización | | | Grao de consecución | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ | ☐ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☒ Non conseg |
| **Indicador** | **TOPONIMIA OUTROS 1000 topónimos de Marín.** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG e Departamento de Galego, Plástica implicación de todo o centro e comunidade escolar familias e procurar nesta segunda etapa abrir o proxecto a todo Marín. | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Material de aula, nos blogs, mapa de Marín cos topónimos, e na plataforma Galicia Nomeada, dramatización da Aula de teatro de 2 da ESO. | | | | | |
| **Resultados** | Non logrados por precisar un equipo de traballo que servise de motor da iniciativa | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Darlle continuidade ao proxecto do curso pasado.** | | | | | |

**Obxectivo: O FARO DA ESCOLA ( XORNAL ESCOLAR)**

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Acción 1** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **ELABORACIÓN DA EDICCIÓN DO FARO DA ESCOLA DO SAN NARCISO** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG, Departamento de linguas | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Configurar un equipo de redacción no que participan Primaria e Secundaria | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Darlle continuidade ao proxecto o curso que vén.** | | | | | |

| **Obxectivo: ENCONTROS CON AUTORES/AS.... MES DA MULLER/ MES DAS LETRAS** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Acción 1** | | | | | | |
| | **Temporalización** | | | **Grao de consecución** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ | ☒ Conseguido | ☐ Parcialmente | ☐ Non conseg |
| **Indicador** | **CON DIFERENTES AUTORES** | | | | | |
| **Responsables** | EDLG Equipo da Biblioteca e Departamento de Galego, | | | | | |
| **Recursos e materiais** | Lectura e traballo na aula, blog e Club de lectura Encontro presencial cos autores/as | | | | | |
| **Resultados** | Positivos | | | | | |
| **Propostas de mellora** | **Darlle continuidade ao proxecto o curso que vén, tentando tamén unha obra teatral** | | | | | |

## 16.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

**PLAN ANUAL DE USO E POTENCIACIÓN DO GALEGO**

O número maioritario de pais e nais castelán falantes pertencentes á Comunidade Escolar do Colexio San Narciso presenta unha realidade sociolingüística complexa, que esixe unha implicación pormenorizada do conxunto do profesorado e da dirección do mesmo na promoción do galego na Comunidade Escolar, poñendo especial atención na aplicación do estipulado pola lei. Voltaremos tentar poñer en marcha iniciativas anteriores polo que se tratará de asentar dun Equipo de traballo que multiplique as accións e volva a dinamizar o centro coa lingua como centro de interese dunha chea de actividades.

<u>O Equipo propón como principais obxectivos a lograr</u>:

- Promover toda a documentación precisa (Proxecto Lingüístico e Plan Sociolingüístico do Centro) para aplicar as reformas legais dentro do Plan Xeral de Normalización do centro.
- Conseguir que os alumnos/as deste centro acaden a precisa competencia no uso da lingua galega.
- Promover accións que garantan os dereitos lingüísticos dos nenos/as galegofalantes durante toda a súa escolarización.
- Seguir garantindo a normalización do uso do galego en todo tipo de actividades dentro e fóra do recinto escolar.
- Tratar de superar o rexeitamento que cara á lingua galega que amosa unha parte da Comunidade Escolar, castelán falantes, vencendo os prexuízos que rodean á lingua galega e o seu uso.
- Traballar a prol da harmonización e do reforzo progresivo do uso do galego na docencia de infantil a bacharelato en función do contexto lingüístico da que parte o centro.
- Colaborar estreitamente co Equipo Directivo, distintos departamentos, ANPA e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro para que as accións que leve a cabo teñan presente a potenciación e uso do galego.
- Informar e asesorar aos mestres e profesores sobre as estratexias educativas máis eficientes no terreo da educación plurilingüe.
- Coordinar esforzos colectivos a prol do galego como lingua habitual do centro na súa dobre vertente oral e escrita.
- Velar pola implicación de toda a Comunidade Educativa no Proceso de Normalización necesario no que estamos inmersos e do que somos unha peza fundamental.
- Utilizar e mellorar a páxina web do centro como vía de potenciación do uso do galego na actividade docente.
- Elaborar materiais didácticos aproveitando os recursos que ofrecen as TIC buscando unha alternativa á edición dixital da revistas escolares.
- Potenciar actividades con outros centros educativos do noso concello e da comarca (especialmente) que conduzan a unha normalización efectiva do galego na contorna.

<u>As liñas de acción a seguir</u>:

- **PLANIFICACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL E 1º e 2º DE PRIMARIA.**
  Unha **reunión ao comezo do curso (establecendo un seguimento da acción) co departamento de linguas para invitar a cambiar a estratexia con respecto a lingua galega que cada curso teña un interlocutor en galego.** Realizarase no contacto inicial cos pais ou titores dos nenos/as un intercambio de información de cal é a lingua empregada habitualmente na casa e no seu entorno, propiciando unha especial participación dos pais e nais na **campaña pola competencia lingüística**. Coa idea de que o alumnado experimente a presenza diaria da lingua galega nas aulas con independencia das materias que se estean a impartir o que precisa garantir a figura dun docente que sexa interlocutor/a permanente en lingua galega cos alumnos/as en cada ciclo.
  Este curso en Educación Infantil séguese o proceso de introdución de material didáctico en galego globalizado, que dará un empurrón ao que traballemos durante todo o curso atendendo as diversas peculiaridades de cada grupo. Farase un esforzo por ir creando unha serie en unidades didácticas específicas para estes cursos. O tempo dedicado a estas unidades será como mínimo o que estipula a lei. No presente curso a partir do lema AS RÍAS, O NOSO TESOURO terán unha presenza especial a tradición oral recuperando iniciativas de cursos pasados como o LIBRO DA MEMORIA como referente dun traballo específico, aproveitando algunha das actividades sobre a toponimia COMO SE CHAMA O LUGAR ONDE VIVES? e actividades relacionadas con ela de novo a carón das actividades de contacontos e traballo do léxico que se intensificarán especialmente a partir de actividades satisfactorias de cursos pasados que levan anos sen

desenvolverse, como o xa citado Libro da Memoria na procura dunha interacción coas familias para implicalas tamén neste proceso de valoración da lingua.
É conveniente para analizar os nosos avances realizar unha avaliación inicial e final do uso do galego do curso como unha actividade de valoración da situación real na práctica e coñecemento da lingua galega, cousa que se repetirá para cada un dos ciclos. Tamén o uso e potenciación do galego en Educación Infantil e os restantes ciclos pasa por seguir coa mellora e ampliación co material en galego para a biblioteca e ludoteca da aula.

No relativo a 1º e 2º de Primaria no que se refire á lectoescritura, o normal é que se inicie na mesma lingua predominante, aproveitando logo a proximidade dos códigos para ir trasladando á outra lingua as aprendizaxes que se produzan na primeira. Insistir na comunicación en galego para evidenciar o potencial do seu uso en nenos/as monolingües e ir creando a necesidade de acadar un nivel competencial.
É moi importante analizar a incidencia das actividades que a potenciación do uso do galego teñen nos nenos e nenas, polo que recomendamos se faga unha cata a través dunha enquisa ou actividades de léxico elemental e expresión ao comezo deste ciclo. Dados os resultados avaliables no proceso da competencia no pasado período, cobra unha importancia relevante este labor e a pericia dos mestres desta etapa na súa tarefa de planificar, desenvolver, avaliar e axustar as diversas actividades de potenciación do galego. Experiencias anteriores servirán de referencia (como a do “O Libro da Memoria”) relacionadas coa implicación esencial das casas no proceso de recuperación de hábitos lingüísticos para a nosa lingua, teñen especial relevancia, campañas institucionais como as Letras Galegas ou outras xeradas no propio centro como as relacionadas coa Animación á Lectura na procura de actividades alternativas ás que asisten as familias como, por exemplo, as de fin de curso.

- **PLANIFICACIÓN DE 3º A 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Este curso debemos partir do traballo conxunto do centro que funciona como lema: AS RÍAS, O NOSO TESOURO. Promover novas dinámicas para participar do Proxecto Lingüístico do Centro e o seguimento da aplicación da lei en vigor. Procurar a recuperación da experiencia semellante á anterior do “libro da Memoria”, aquel traballo de recollida de refráns, adiviñas e contos populares para elaborar unha revista ou memoria e unidades didácticas para cada curso referidas ao calendario anual de costumes e tradicións, experiencia realizada tamén en cursos pasados, poñendo tamén no presente unha especial atención en concretar unha nova fórmula distinta da revista dixital atractiva, como pode ser a creación de material audiovisual rica e interesante pola boa acollida por parte das familias. Unha das experiencias que queremos proseguir é a da nosa contribución coa plataforma GALICIA NOMEADA sobre a toponimia de Marín. Das campañas de Animación á lectura e do mes do libro infantil e xuvenil tamén se debería procurar extraer unha serie de datos cualificables e obxectivos de que xeito fortalecen o uso do galego, a mellora en competencia lingüística.
Insistimos en manter a elaboración dos murais de exposición nos corredores de 3º a 6º curso, especialmente este último, onde o galego debe ter maior presenza pois detéctanse claros síntomas de diglosia activa nos alumnos/as que chegan a etapa de Secundaria.

É preciso establecer parámetros, criterios e unificar dinámicas de avaliación deste proceso a prol da competencia lingüística para o que o EDLG proporá a habitual reunión específica no primeiro mes de curso co profesorado de Primaria, por un lado, e co de Secundaria co fin de coordinar estes aspectos primordiais da nosa Campaña pola Competencia Lingüística.

- **PLANIFICACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E O BACHARELATO**.
  O EDLG debe promover actividades específicas enfocadas a estes cursos iniciais da ESO. É o momento de asentar dinámicas favorables cara á lingua para toda a etapa. A mellora na planificación de potenciación do galego e coordinación nos derradeiros cursos de Primaria e os iniciais da Secundaria encamiñada a facer efectiva que a competencia lingüística sexa plena en ambas dúas linguas oficiais, traballando este tema cos departamentos de Castelán e Galego (os profesores/as respectivos) cos que se procurará realizar unha sesión de traballo de coordinación ao comezo do curso e outra de avaliación cara ao final do mesmo. Ten especial relevancia a comprensión e implicación do proceso por parte dos alumn@s polo que se deberán deseñar mesmo actividades amplamente participativas e coherentes co Plan Lingüístico do Centro. Segue sendo vital a presenza do galego como lingua vehicular nunha parte importante das materias impartidas, seguindo as directrices emanadas da normativa vixente.

  Tamén na ESO e BACHARELATO debe poñerse en práctica unha avaliación e conseguinte planificación axustada á implicación tanto individual como colectiva no proceso dos educandos. Instituír unha campaña por curso na que os motores sexan @s propi@s alumn@s (este ano arredor do valor da sensibilidade coa lingua co epígrafe ou lema " AS RÍAS, O NOSO TESOURO" que no EDLG adaptamos ao proceso de formación da persoa que é como un camiño no curso para dar a coñecer a riqueza das nosas rías galegas e mesmo propicia unha reflexión sobre nós mesmos e a nosa identidade. A interacción das actividades do EDLG cos diversos Plans e Campañas do curso, como utilización das denominadas novas tecnoloxías (PLAN TIC) combinadas coas campañas de Animación á Lectura, seguramente teremos máis limitadas as actividades de convivencia lúdicas-festivas, intercambios, etc… volve a ser especialmente transcendental polo que teremos que procurar alternativas na medida do posible ás actividades interdisciplinares en galego que non só impliquen aos Departamentos das Filoloxías, senón que vaian contribuíndo á creación de materiais en galego específicos e válidos para diversas materias e Departamentos, así como a dinamización e traballo conxunto co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares (DACE) seguindo as liñas de acción consolidadas en cursos anteriores.

  Neste nivel seguimos cunha campaña específica dirixida máis á concienciación individualizada, de cara a que asuman como necesario e rendible para o seu futuro laboral unha mellora na utilización do galego dado que eles tamén neses cursos están planeándose o seu futuro profesional que non puidemos desenvolver en anos anteriores

- **PLANIFICACIÓN NO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN, NAS TITORÍAS E NOS ASPECTOS ADMINISTRATIVOS E DE RELACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

  Propiciar a campaña de concienciación dirixida aos pais para que comprendan e compartan a nosa aposta pola mellora na competencia lingüística dos nosos alumn@s, que coa nova lei educativa se debe ter en conta. O obxectivo é que o alumnado do centro asuma a importancia e rendibilidade futura da nosa lingua. O Departamento de Orientación e acción titorial impulsará esta dignificación e uso vehicular do galego coa elaboración de material pedagóxico e didáctico (material titorial, enquisas e comunicacións cos pais tanto orais como escritas). Neste labor seguirá xogando un papel relevante este ano tamén a páxina Web do centro que pretende seguir incorporando elementos de uso habitual para o conxunto da Comunidade Educativa en galego.

Con respecto ao seguimento do plan sociolingüístico de centro:

- **PLANIFICACIÓN PARA UN NOVO PERÍODO.**

  O EDLG do CPR PLURILINGÜE SEI SAN NARCISO na liña de traballo seguida ata o de agora, promove cada curso un debate da cuestión lingüística para renovar o seu compromiso coa lingua de Galicia e establecer criterios para o tratamento das demais linguas no centro (PROXECTO LINGÜÍSTICO). Parece obvio traballar nas dúas direccións, que se marcaban no antigo Plan Xeral para o uso do noso idioma e que agora se deben axeitar como consecuencia da aplicación do máis recente decreto de uso do galego nos centros:

  - A potenciación pertinente habitualmente a través do uso do galego vivo a través das actividades tendentes a superar as limitacións e os efectos que sufrimos por mor da COVID 19 o que non poden impedir no presente curso realizar prácticas co galego tanto docentes e administrativas do centro.

  - A mellora da competencia lingüística e a valoración positiva do uso da lingua entre os membros da Comunidade Educativa. O asentamento e recoñecemento por parte de todos os membros da Comunidade Escolar da importancia e transcendencia do noso labor.

  - A análise e avaliación pormenorizadas da situación sociolingüística do centro e da súa evolución curso a curso (aínda pendente dunha sistematización efectiva).

  - O seguimento do PROXECTO LINGÜÍSTICO e para a PLANIFICACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.

  - A coordinación cos órganos creados pola administración ou noutros centros (FEREGA) para propiciar unha Planificación máis harmónica e intercambio de experiencias.

- **OBXECTIVOS MÍNIMOS**

  Cara a este curso e para cada ciclo de INFANTIL, PRIMARIA, ESO e BACHARELATO fixamos os seguintes puntos mínimos, que se teñen debatido na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e que veñen sendo froito dunha revisión lóxica do Plan Anual de Potenciación do galego do curso pasado :

a) Manter un equipo de traballo Primaria-Secundaria para análise coherente da situación lingüística do centro no seu conxunto e o seguimento do Proxecto Lingüístico anual e das directrices do guieiro para a Planificación Sociolingüística .
b) Regularizar o uso do galego en Educación Infantil a través dunha campaña específica sobre a rendibilidade pedagóxica da competencia lingüística dos nenos/as co incremento do material didáctico a utilizar e a aplicación de novas dinámicas de introdución do galego en contextos castelán falantes.
c) Mellorar a planificación do uso do galego nos ciclos de PRIMARIA de cara a que ao remate da etapa a competencia lingüística dos rapaces sexa unha realidade.
d) Asentar o uso como lingua vehicular e polo tanto como normal na comunicación alumno/profesor na ESO e BACHARELATO.
e) Garantir que todo o material do Departamento de Orientación e Acción Titorial circule en galego, segundo a propia lexislación orienta ao igual que o referido á administración do centro.

f) Implicar directamente ao EDLG como departamento na nova etapa de dinamización das Bibliotecas do centro así como procurar a interacción do Proxecto Lingüístico cos Plans de Animación á Lectura e TIC .
g) Colaborar co D.A.C.E. na concreción do calendario anual de actividades co uso vehicular do galego. Procura por exemplo de alternativas ao programa habitual de actividades relacionadas coa expresión dramática e creativa dende Educación Infantil a Bacharelato a prol da normalización con carácter interdisciplinar ao redor do lema AS RÍAS, O NOSO TESOURO especialmente algúns dirixidos a toda a Comunidade Escolar.
h) Colaborar cos Departamentos de Filoloxía no PLAN de LECTOR na secundaria que terá cada ano unha temática distinta.
i) Mellorar a capacidade de traballo do EDLG na concreción de actividades que se poidan levar a cabo, referentes ao lema anual, campañas e/ou a concursos ou actividades que repercuten no noso entorno de xeito directo ( Nadal, Entroido, Maios, Teatro, Topominia).
j) Poñer en marcha un grupo de traballo específico nos xornal escolar coa procura da colaboración do entorno do centro.
k) Na medida do posible tamén procurar unha colaboración en dinámicas cos centros de ensino da FEREGA a que a través dos Equipos de Dinamización, participación de campañas e actos.
l) Renovar e mellorar a nosa páxina web, especialmente a través dos blogs e na reformulación das revista dixitais de cara a facer dela unha ferramenta máis eficaz.

**CAMPAÑA A PROL DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: O CAMIÑO DA IDENTIDADE. Descubrindo a Galicia que levas dentro.**

Polas eivas de cursos pasados non fomos quen de abordar esta campaña específica e moi necesaria. Este curso continuamos coa intención poñer en marcha dita iniciativa baseada na distribución dun díptico dixital a prol da COMPETENCIA LINGÜÍSTICA, unha campaña de cara a concienciar da rendibilidade do uso do galego polos alumnos/as do San Narciso dirixida ao conxunto da Comunidade Escolar que se concretan na difusión e explicación para pais-nais a proposta conxunta co Departamento de Orientación (coincidindo cos contactos iniciais do curso nas reunións informativas) e como a realización de actividades audiovisuais para diversos niveis de Primaria e Secundaria, así como unha actividade específica destinada ao profesorado facendo fincapé na maior versatilidade do profesorado que saca rendibilidade ao uso do galego na aula independentemente da materia de que se trate. Insistimos en que os resultados é necesario cuantificalos e avaliar este proceso que se inicia coa difusión de dito díptico neste curso. Tamén se debe subliñar a importancia e o feito positivo de que esta campaña estea asumida e apoiada polo propia Dirección do San Narciso. Tentarase manter presente esta liña de traballo tamén a través dunha reformulación das revistas dixitais.

**COLABORACIÓN CO PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA DA FEREGA**

A nosa intención de colaborar con certas dinámicas normalizadoras como a dos centros asociados á FEREGA (centros adscritos que recolle iniciativas dirixidas á administración dos centros, á pastoral, á docencia e ao alumnado) a pesar de que en moitos casos as nosas iniciativas van xa por diante do que dito Plan se propón, asenta un compromiso de afondar e mellorar o noso Plan coas experiencias que noutros centros se realizan e aportar a nosa experiencia ao conxunto de centros afíns ou próximos. que están adscritos á FEREGA. Tamén as Xornadas de Normalización da FEREGA-CECA que se convocan anualmente para os centros adscritos.

**PROMOCIÓN DA PÁXINA WEB DO CENTRO NO PROCESO DE NORMALIZACIÓN A TRAVÉS DOS BLOGS, REFORMULACIÓN DAS REVISTAS DIXITAIS.**

No presente curso mantemos a intención de renovación permanente da páxina do centro e do EDLG posto que se está convertendo nunha ferramenta eficaz no uso e potenciación da nosa lingua tanto por parte dos profesores e mestres como por parte dos educandos, mesmo das familias ou outros visitantes que poida ter a nosa páxina (por exemplo ex-alumnos, alumnos doutros centros interesados na información que o EDLG vai ir colgando como froito do traballo do presente curso). En Secundaria poremos en marcha toda unha serie de iniciativas de cara a estar presentes. Trátase dun esforzo para que a páxina web sexa esa ferramenta de uso cotián, un recurso didáctico máis para a aprendizaxe do manexo da información á que queremos incorporar a nosa experiencia particular e facilitar á vez o acceso a páxinas galegas de interese para diversos ámbitos. Este curso realizaremos un esforzo especial no seu uso por parte da Comunidade no seu conxunto mantendo en gran medida ese referente ante a Comunidade que é a páxina do noso centro.

**CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO GALEGO A TRAVÉS DAS TIC, ANIMACIÓN Á LECTURA, TEATRO E OUTRAS ACTIVIDADES**

Ao incorporar de xeito planificado e con carácter xeral as TIC no imos realizar unha serie de actividades para que a nosa lingua estea presente na rede. As TIC deben ser tamén unha ferramenta eficaz na promoción e estímulo ao uso da lingua. Tamén nas Bibliotecas de Primaria e Secundaria imos estar moi presentes nas diversas actividades de Animación á Lectura que se teñen deseñadas no Plan Lector. No presente curso seguramente non poderemos participar en diversas iniciativas teatrais en galego acompañadas de actividades complementarias (exposicións, concursos, charlas,...) para o noso e os demais centros participantes, pero imos tentar erguer unha alternativa que relacione a lingua e o teatro.

**ACCIÓNS PROPIAS DO EQUIPO**

O EDLG debe asumir o papel de primeiro dinamizador do uso do galego no noso centro pola propia lei, pero tamén ser conscientes de que debe implicarse ao conxunto do profesorado e ao equipo directivo e, en gran medida, ao conxunto da Comunidade Educativa nun proceso lento, pero ben asentado que vimos dalgún xeito propiciando coas nosas actividades en cursos anteriores. Participación na Mostra de Teatro do Morrazo, procurando unha alternativa factible e axeitada, despois de ser organizadores da última edición. Proporcionamos información sobre a normativa e materiais existentes ao conxunto do profesorado e alumnado. Tampouco poderemos propiciar diversos grupos de traballo que colaboran co DACE na realización de actividades interdisciplinares e mesmo promovemos a colaboración de pais e nais nas actividades do EDLG, e especialmente dun gran número de alumnos/as da ESO e Bacharelato que procuraremos redirixir a unha actividade para o conxunto do centro, incluídas as familias sobre a TOPONIMIA DE MARÍN e o lema do presente curso: AS RÍAS, O NOSO TESOURO.

**MEMBROS E CALENDARIOS DE XUNTANZAS**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizará como mínimo unha reunión trimestral, ademais das establecidas inicialmente para realizar o seguimento do Proxecto Lingüístico do centro e das que o ritmo dos acontecementos e das distintas actividades impoña durante o curso. Como é obvio, pola súa composición complexa, os membros de Infantil e Primaria terán que desenvolver proxectos autónomos ao igual que os de ESO, FP e Bacharelato, precisando da coordinación á hora de incidir no Conxunto da Comunidade. Este ano procurará manter unha hora semanal de reunión no caso de Secundaria. Sería interesante incorporar a algún profesor/a máis no equipo de Secundaria.

**PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES (ANEXO)**

## ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN INFANTIL:

- LEMA DO CURSO: "AS RÍAS, O NOSO TESOURO"
- A ÁRBORE DAS PALABRAS Traballo por recunchos en lingua galega empregando materiais de refugallo.
- Plan lector de centro. -Proposta de contos tradicionais e elaboración de actividades.
  - Os tres porquiños e o lobo. Elaboración de máscaras.
  - Fariñeiro o burro larpeiro. Elaboración de títeres.
- Contacontos. "Aniversario de conto". Sempre que a situación da pandemia que estamos a vivir o permita, leváranse a cabo contacontos familiares para festexar o aniversario dos nenos e nenas.
- CREATIVOS ATA O INFINITO (Creación dun conto para infantil co lema do curso)
- Samaín e concurso de cabazas: Novembro
- Festa do Magosto: Novembro.
- O Nadal: Concerto de Panxoliñas, a operación Kilo. O Nadal nas aulas... Cine de Nadal e visita as aulas do APALPADOR
- Libro colectivo da memoria coa intervención das familias.
- Semana da Paz: Xaneiro.
- Coñecemos a Rosalía?
- Reformulación da actividade de Teatro na escola.
- O Entroido.
- Mes do libro infantil: Abril
- Festa dos Maios
- SEMANA DAS LETRAS GALEGAS: Campaña do TRASNO DAS LETRAS
- Libro da Memoria, un traballo inicial coa tradición oral
- Saída fin de curso relacionada co lema.
- Unha saída medioambiental fin de curso.

## ACTIVIDADES EN EDUCACIÓN PRIMARIA:

- LEMA DO CURSO: "AS RÍAS, O NOSO TESOURO"
- PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA
- PROMOCIÓN DE XOGOS TRADICIONAIS
- Reformulación do acto inaugural do curso e Xornadas de Sensibilización: Lema: AS RÍAS, O NOSO TESOURO. Material traballado sobre o lema en galego. Campaña de rotulación.
- Reunións informativas en galego cos pais, sensibilización no que se difunde ou lembra o traballo pola competencia lingüística do EDLG por parte dos titores.
- Festa das Cabazas e do MAGOSTO: coas correspondentes unidades e concursos. A tradición coa lingua. Concursos de Buxainas e de contos de medo.
- Saída a Marín coñecemento do entorno: A TOPONIMIA DE MARÍN , a realidade lingüística da localidade e a importancia da presenza da lingua propia (1º e 2º curso)
- Actividades de NADAL. Visita do APALPADOR (Preparación de unidades didácticas, panxoliñas, a saída a Marín para desexar "Bo Nadal").
- Semana da PAZ: A lingua na sociedade. Celebración do día da "Non violencia" Traballo nas aulas e estudar actividade alternativa á posta en común.
- Visita de Rosalía de Castro
- Actividade alternativa coa temática do Entroido reformulando a Festa de comparsas, elaboración das coplas, estudando como integrar a participación de pais e nais habituais coas elaboracións da repostería tradicional e recompilación das receitas típicas. Adiado a participación no concurso municipal.
- Marzo mes da poesía no 1º e 2º curso e Día da muller en galego (lecturas ou montaxe para teatral).
- Adiar cara final de curso e procurar unha alternativa para traballar co TEATRO NA ESCOLA,

descartando inicialmente a asistencia as representacións a Pontevedra.

- MES DO LIBRO: Precisamos estudar unha fórmula alternativa á tradicional das bibliotecas de aula e de centro do libro infantil en galego, e por supostos aos Encontros con autores e ilustradores.
- Campaña: O TRASNO DAS LETRAS
- Xa o curso pasado foi unha celebración virtual a da Festa dos MAIOS. Nesta terceira entrega da tradición e a lingua (elaboración de coplas e maio en distintos cursos, participando nos concursos da localidade de Marín.
- MES DAS LETRAS GALEGAS: Traballos sobre o autor homenaxeado. Recital e Exposición na propia aula e reformular os murais dos corredores do centro.
- AS RÍAS, O NOSO TESOURO, deseño dunha exposición que ao longo do curso se elabore sobre o lema.
- Educación Medioambiental: xornadas de fin de curso (Unidades de reciclaxe, Preparar a excursión por exemplo ao parque Natural das Illas Atlánticas: Illa de Ons ou Cíes).

ACTIVIDADES EN ESO e BACHARELATO:

- LEMA DO CURSO: "AS RÍAS, O NOSO TESOURO".
- Presentación do proxecto: O té das cinco co Sombreireiro e a Lebre de marzo no patio
- A LECTURA: SEMPRE UNHA OPORTUNIDADE, UN GUSTO E UNHA NECESIDADE. Campaña deste curso de animación á lectura en galego.
- CINE NA ESCOLA.
- Xornadas de Sensibilización: Material titorías en galego co lema: "A competencia lingüística".
- Reunións informativas coas familias: Campaña a prol da competencia lingüística nun mundo multilingüe. Presentacións informativas da titoría en galego por acordo do claustro.
- Campaña de apertura da biblioteca: "A lectura: para descubrir a identidade ". Concurso, redaccións e carteis da biblioteca.
- Reformulación do Magosto: O Día de Defuntos: Versos de outono. Reformular o concurso "de Medo" elaboración: Unidade e actividades en galego: (símbolos e festas populares do outono, botánica seguindo a Sarmiento, refraneiro, toponimia de Marín).
- IGUAIS EN DEREITOS, DIFERENTES EN CULTURA. E eu de quen veño sendo? A Lingua dos nosos avós: Paneis de resultados nas aulas (comezamos por 1º ESO)
- OBRADOIRO DA LINGUA: A nosa Terra: Un traballo para creación de pequenas unidades sobre a Toponimia de Marín e o traballo a realizar ao abeiro de Galicia Nomeada para o uso das mesmas en Infantil e Primaria ou tamén na propia Secundaria na que colaboran o EDLG e Departamentos de Linguas, Plástica e visual ou Informática. Esta actividade terá unha duración de tres trimestres.
- ACTIVIDADES PARA NADAL: Actividade parateatral (montaxe de sombras) para realizala en vídeo con alumnos/as do 1º, 2º e 3º da ESO, 4º da ESO e de 1ºe 2º de Bach. traballando contidos tocados na aula sobre o lema deste curso (Departamentos de Linguas e Normalización Departamento de Plástica e Titorías.).
- VÍCHELO–MIRÁCHELO: Micro programas sobre a nosa lingua e a nosa cultura seguindo o proxecto que comezou o curso pasado. Iniciado xa o curso pasado, proseguimos con novos capítulos.
- Día da PAZ: Campaña sobre a non violencia. Nota informativa a toda a Comunidade Educativa e actividade titorial. Elaboración dunha ficha técnica para o Cine forum (traballando dous niveis 1º e 2ª da ESO e 3º, 4º e Bacharelato).
- Entroido: Reformulación do Concurso de coplas e comparsas de carácter temático para Secundaria e Bacharelato. (Escollerase unha temática para traballar, relacionable outros anos co espectáculo multidisciplinar previsto para fin de curso).
- Reformulación das campañas do trimestre da Biblioteca. TELEXORNAL O LIBRO DA SEMANA (recomendando libros e outros teimas) (Todos os departamentos e EDLG).
- ACTIVIDADES DO DÍA DE ROSALÍA 22
- VÍCHELO MIRÁCHELO Micro programas do trimestre.
- Abril dos libros: Día do libro: Visita de autores ás aulas de Secundaria tras da lectura do libro de Antía Yáñez, O misterio do torque de Burela.
- FESTIVAL DE DIÁLOGO DE LINGUAS: (recitados, presentacións multimedia, dramatizacións dos distintos cursos)

- Semana das Letras Galegas. Exposición e Recital, realización de actividades alternativas como Marcadores de fomento do uso do galego co Trasno das Letras como figura destacada. Encontro coa autora ARANCHA PORTABALES
- ACTO DE DESPEDIDA DE 4º da ESO e 2º de Bacharelato, creación dun traballo vídeo dixital específico.
- Día do Medio Ambiente. Unidades creadas para a ocasión.
- FESTA do COLEXIO: AS RÍAS, O NOSO TESOURO . Clausura do curso cunha actividade levada a cabo polo profesorado e alumnado onde estea presente dalgún xeito a Comunidade Escolar que inclúa a exposición do traballo do curso en coordinación co conxunto de departamentos. Exposicións, dramatizacións, deporte, bailes e música que impliquen unha ampla participación e son os elementos que vertebran a actividade enchéndoa de atractivo para toda a Comunidade Escolar.

### 16.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Non existen cambios neste apartado.

## 17. CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 17.1. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación é o órgano de coordinación desde o que se planifica e coordina a orientación educativa. Constitúe, dentro do Centro Educativo, o garante de que a orientación, entendida como proceso colaborativo e ecolóxico que inclúe a toda a Comunidade Educativa e que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas impartidas nel, forma parte esencial da actividade educativa e de que se estableza unha vía de asesoramento permanente ao profesorado, alumnado e ás familias.

Desenvolve as súas funcións nos ámbitos relacionados coa:

- Orientación organizativa: Proceso de axuda na elaboración e desenvolvemento da Programación Xeral Anual (PXA), en particular do Proxecto Educativo do Centro (PEC).
- Orientación académica e escolar: Proceso de axuda ao alumnado para mellorar o seu rendemento académico e permanencia no Centro Educativo.
- Orientación profesional para a carreira: Proceso de axuda ao alumnado para seleccionar e prepararse cara a unha profesión determinada.
- Orientación persoal: Proceso de axuda ao alumnado para coñecerse a si mesmo coa finalidade de contribuír á resolución de problemas.
- Orientación familiar: Proceso de axuda ás familias na educación dos seus fillos e fillas.

O seu labor anual concrétase neste plan de actividade que é o instrumento de planificación unitario e coherente, que seguindo a normativa vixente, recolle

e sistematiza todas as accións que o Departamento de Orientación levará a cabo, compartindo tarefas e colaborando con todos os implicados na Comunidade Educativa, nos seus ámbitos propios de actuación:

- Plan de Atención á Diversidade (PAD) e a súa concreción anual.
- Plan de Acción Titorial (PAT).
- Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).
- Colaboración no desenvolvemento da PXA.

Abrangue todas as etapas educativas (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional) que se imparten no Centro Educativo e as actuacións desenvólvense maioritariamente nos plans correspondentes de cada ámbito, incluído no PEC e de maneira detallada na concreción anual do PAD.

No presente curso académico 2025 - 2026, o Departamento de Orientación está composto polos seguintes membros:

- Orientador Educativo, exercendo a Xefatura do Departamento de Orientación: Prof. Santiago García Vázquez.
- Profesorado Especialista de Audición e Linguaxe (AL) e Especialista de Pedagoxía Terapéutica (PT): Profª. María Antonia Dopazo Ruibal.
- Profesorado de Formación e Orientación Laboral: Prof. Alexandre Abilleira López.
- Profesorado do Itinerario Persoal para a Empregabilidade: Prof. Alexandre Abilleira López; Profª. Loli Rodríguez Alonso; Prof. Antonio Traba Miñones.
- Profesorado de Psicoloxía: Prof. Santiago García Vázquez.

## 17.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO

No presente curso académico 2025 - 2026 e tendo en conta a memoria final do curso académico 2024 - 2025, as actas das sesións das avaliacións finais, a información relativa ás etapas educativas e documentación do Departamento de Orientación é preciso salientar que o alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) sitúase aproximadamente no 12% na Educación Infantil; no 19% na Educación Primaria, nun 21% na Educación Secundaria Obrigatoria, nun 8% no Bacharelato e nun 7% na Formación Profesional.

Para dar unha resposta e detección adecuada ás necesidades educativas do alumnado, o Departamento de Orientación coordínase coa Xefatura de Estudos para desenvolver a PXA 2025 - 2026 en catro niveis coincidentes coa coordinación da acción titorial:

Educación Infantil (EI):

- ❖ Coordinadora da EI: Patricia Villanueva Otero.
- ❖ Profesorado Titor da EI: Rebeca Capa Carabelos (4º EI-A-); Beatriz Rosales Padín (4º EI-B-); Patricia Villanueva Otero (5º EI-A-); Ana Rodríguez Gómez (5º EI-B-); Patricia López De Lerma Casas (6º EI-A-); Antía Muñoz García (6º EI-B).

Educación Primaria (EP):

- ❖ Coordinador da EP: Rosario Senra Carballa.

- Profesorado Titor da EP: Rosario Senra Carballa (1º EP-A-); Ángeles Marín Soliño (1º EP-B-); Monteserrat Barreira Lamas (2º EP-A-); Rosa María Fernández Pastoriza (2º EP-B-); Alejandra Pujol Nicolás (3º EP-A-); Ángel José Bugallo López (3º EP-B-); Úrsula Isolina Delgado Ponte (4º EP-A-); Jorge Pazos Carregal (4º EP-B-); Marcos Márquez Almunia (5º EP-A-); Nuria Area Arias (5º EP-B-); Paula Aguete Triñanes (6º EP-A-); María Piay López (6º EP-B-);

Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato:

- Xefatura de Estudos: María Pintos Dopazo.
- Profesorado Titor da ESO: Alberto Fraile Cancela (1º ESO-A-); Andrea García Martínez (1º ESO-B-); Noelia Muñíz Vidal (2º ESO-A-); Cristina Abad Vieito (2º ESO-B-); Mª Teresa González Fernández (3º ESO-A-); Héctor Manuel Silveiro Fernández (3º ESO-B-); María Pintos Dopazo (4º ESO-A-); Juan Carlos Vázquez Paz (4º ESO-B-). (2º ESO-A-).
- Profesora Titor 1º Bacharelato (A): Flor García Rodríguez.
- Profesora Titor 1º Bacharelato (B): Sara Veiga López.
- Profesora Titor 2º Bacharelato (A): Mª José Álvarez Mallo.
- Profesora Titor 2º Bacharelato (B): María David Souto.

Formación Profesional:

- 1º CM Coidados Auxiliares de Enfermería: Profesorado Titor Leticia Couso Acosta.
- 2º CM Coidados Auxiliares de Enfermería: Profesorado Titor Leticia Couso Acosta.
- 1º CS Educación Infantil: Profesorado Titor Raquel Carragal da Costa.
- 2º CS Educación Infantil: Profesorado Titor Patricia Gándara Alonso.
- 1º CS Ensenanza e Animación Sociodeportiva: Martín Brea Ozores.
- 2º CS Ensenanza e Animación Sociodeportiva: Profesorado Titor Félix Avendaño Portas.
- 1º CM Farmacia e Parafarmacia: Profesorado Titor Alejandro Vilar López.
- 2º CM Farmacia e Parafarmacia: Profesorado Titor Manuel Ramos Magariños.
- 1º CS Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico: Profesorado Titor Estefanía López Senra.
- 2º CS Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico: Profesorado Titor Inma Corrales Loira.
- 1º CS Técnico Superior en Laboratorio Clínico y Médico: Profesorado Titor Miguel González Rodríguez.
- 2º CS Técnico Superior en Laboratorio Clínico y Médico: Profesorado Titor Miguel González Rodríguez.

As reunións previstas neste eido son:

- Reunións de programación: As necesarias ao comezo do curso para traballar sobre as propostas do PAD, POAP e PAT presentadas polo Departamento de Orientación nos distintos niveis educativos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional).

- Reunións semanais da Xefatura do Departamento de Orientación co profesorado especialista de Audición e Linguaxe.

- Reunións semanais da Xefatura do Departamento de Orientación co profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica.

- Reunións semanais da Xefatura do Departamento de Orientación co profesorado titor dos distintos niveis educativos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional) coa finalidade de establecer colaboración e intercambio de información continuada para a coordinación na atención ás necesidades do alumnado.

- Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) fixadas pola Dirección do Centro Educativo.

- Reunións sobre a coordinación da Acción Titorial fixadas pola Xefatura de Estudos.

- Reunións de Avaliación Inicial, 1ª Avaliación, 2ª Avaliación, 3ª Avaliación, Avaliación Final, Avaliación Ordinaria e Avaliación Extraordinaria, segundo corresponda, nos distintos niveis educativos (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional) sobre seguimento e avaliación das medidas de atención a diversidade.

- Reunións conxuntas co Equipo Directivo e Coordinadores das Etapas Educativas segundo fixen na súa planificación ou por necesidades puntuais xurdidas.

## 17.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

a) No CPR Plurilingüe SEI San Narciso a atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía do Centro Educativo para a súa organización; e participación de toda a comunidade educativa.

b) A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.

c) Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión do CPR Plurilingüe SEI San Narciso terase en conta a atención á diversidade como eixe prioritario.

d) A detección e identificación das necesidades educativas do alumnado, así como a súa atención, realizaranse o máis pronto posible, co fin de adoptar as medidas educativas máis adecuadas ás circunstancias.

e) Promoverase o traballo en equipo do profesorado, a colaboración e responsabilidade compartida dos distintos profesionais da educación, e a participación en proxectos de formación conxunta.

f) As medidas de atención á diversidade que se desenvolven desde o Centro Educativo implican unha organización flexible das ensinanzas e unha atención individualizada das necesidades educativas do alumnado.

g) Na resposta educativa para a atención á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario. As de carácter extraordinario levaranse a cabo unha vez esgotadas as anteriores (por resultaren insuficientes ou ineficaces) e previa autorización da Inspección Educativa de ser o caso.

h) A atención á diversidade implica un clima de convivencia positivo que favoreza a cohesión da comunidade educativa, o respecto ás diferenzas, e a confianza e aprecio nas relacións persoais (entre profesorado e alumnado, entre o propio alumnado e entre familias e profesorado).

i) A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diversos profesionais implicados.

j) Aseguraranse os procedementos e medios necesarios para a comunicación e colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso de detección, identificación, valoración, intervención e seguimento das necesidades educativas do alumnado.

k) As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a propia información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no Centro Educativo.

l) A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se promoverán para mellorar, de maneira constante, a calidade educativa no Centro Educativo.

ACTUACIÓNS

No marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, o CPR Plurilingüe SEI San Narciso deberá:

- Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, dando resposta ás necesidades do alumnado e contribuíndo á consecución das competencias e dos obxectivos das diferentes etapas educativas.
- Deseñar e poñer en práctica accións preventivas de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade educativa ao alumnado.
- Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do Centro Educativo.
- Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
- Optimizar a organización dos recursos do Centro Educativo para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular, daquel con NEAE.
- Potenciar a acción titorial e orientadora por parte de todo o profesorado.
- Promover a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado no proceso de ensino - aprendizaxe.
- Impulsar a participación do profesorado nas actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando cumpra, coa correspondente autorización.

MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

CONCEPTO: Entendese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

MEDIDAS ORDINARIAS: Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade a todas aquelas actuacións, estratexias e/ou programas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do CPR Plurilingüe SEI San Narciso e ás características do alumnado.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do Centro Educativo (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Plan de reforzo para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.
- Plan específicos personalizado para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programa de habilidades e competencias sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS: Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade a todas aquelas actuacións, estratexias e/ou programas dirixidos a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo; así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse logo de esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade ou por resultaren estas insuficientes e/ou ineficaces.

Para a aplicación das medidas extraordinarias de atención á diversidade será necesaria, segundo proceda, autorización da Dirección do Centro Educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial de Educación e/ou da Dirección Xeral de Educación.

Consideranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras:

- Adaptación Curricular.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica.
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de Bacharelato.
- Programas de diversificación curricular.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para una asistencia continuada ao centro educativo.
- Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Atención educativa a mozas embarazadas.

## 17.4. Concreción do cronograma de actuación que figura no anexo do documento Plan de Atención á diversidade e calendario de reunións mensuais de seguimento de alumnado

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| Mes de setembro | Reunión Comisión de Coordinación Pedagóxica | Equipo Directivo (planificar e coordinar)<br>Dpto. Orientación (asesorar e apoiar)<br>Profesorado (informar e propor) | Avaliación final / extraordinaria<br>Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Difusión das Becas de NEAE | Dpto. Orientación | Informes previos do alumnado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Atención ás familias do alumnado con NEAE | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor | Informes previos do alumnado |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Reunión Dpto. Orientación e Profesorado titor sobre as NEAE | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor | Informes previos do alumnado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Xornadas de acollida para alumnado de nova incorporación ao centro educativo e atención ás familias | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Informes previos do alumnado<br>Informes dos centros educativos de procedencia |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Elaboración dos horarios do Dpto. Orientación: Orientador, Profesorado Apoio AL / PT | Xefatura de Estudos<br>Dpto. Orientación | Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Realización da concreción anual do Plan de Atención á Diversidade | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Realización da concreción anual do Plan de Acción Titorial | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de setembro | Realización da concreción anual do Plan de Orientación Académica e Profesional | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
| --- | --- | --- | --- |
| 2ª e 3ª semana de setembro | Alumnado Reforzo Educativo<br>Alumnado Exento 2ª Lingua Estranxeira<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Departamentos Didácticos<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª e 3ª semana de setembro | Tramitación das Becas de NEAE | Dpto. Orientación | Informes previos do alumnado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de setembro | Probas da avaliación inicial (Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional) | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Informes previos do alumnado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de outubro | Reunión avaliación inicial (Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional) | Equipo Directivo<br>Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de outubro | Información inicial e propostas sobre as medidas de atención á diversidade e programas de seguimento trimestral | Xefatura de Estudos<br>Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª semana de outubro | Proxecto Prensa Escola<br>(La Voz de Galicia)<br>5º e 6º de Educación Primaria | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de outubro | Proxecto Faro da Escola (Faro de Vigo)<br>4º, 5º e 6º de Educación Primaria | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de outubro | Reunión sobre as propostas de Adaptación Curricular e envío ao Servizo de Inspección Educativa | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de novembro | Plan Director: Charlas de prevención e Sensibilización para alumnado de | Equipo Directivo<br>Dpto. Orientación | Recursos do Equipo Directivo<br>Recursos do Dpto. Orientación |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| | Educación Primaria e ESO | Profesorado titor | |
| 2ª semana de novembro | Programa Orientación Académica e Profesional 1º e 2º de Bacharelato | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª semana de novembro | Programa Orientación Académica e Profesional 2º, 3º e 4º da ESO | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de novembro | Reunión 1ª avaliación (Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional) | Equipo Directivo<br>Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de decembro | Reunión profesorado titor sobre seguimento no 1º trimestre das medidas de atención á diversidade e NEAE e propostas para o 2º trimestre | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 1ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de decembro | Reunión Dpto. Orientación sobre seguimento no 1º trimestre do Apoio AL / PT e propostas para o 2º trimestre | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 1ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de decembro | Seguimento do 1º trimestre do Reforzo Educativo Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 1ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de decembro | Asistencia a Unitour - Vigo para alumnado de 1º e 2º de Bacharelato | Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Informes do alumnado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de decembro | Coordinación de seguimento do 1º trimestre cos servizos de atención externa do alumnado de NEAE | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Profesorado titor | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| Mes de xaneiro | Reunión Comisión de Coordinación Pedagóxica | Equipo Directivo (planificar e coordinar) | Reunión 1ª avaliación<br>Información do alumnado |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| | | Dpto. Orientación (asesorar e apoiar)<br>Profesorado (informar e propor) | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª semana de xaneiro | Envío do seguimento do 1º trimestre do Reforzo Educativo<br>Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de marzo | Reunión 2ª avaliación (Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional) | Equipo Directivo<br>Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de marzo | Reunión profesorado titor sobre seguimento no 2º trimestre das medidas de atención á diversidade e NEAE e propostas para o 3º trimestre | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 2ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª semana de marzo | Reunión Dpto. Orientación sobre seguimento no 2º trimestre do Apoio AL / PT e propostas para o 3º trimestre | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 2ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de marzo | Seguimento do 2º trimestre do Reforzo Educativo Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 2ª avaliación<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de marzo | Coordinación de seguimento do 2º trimestre cos servizos de atención externa do alumnado de NEAE | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Profesorado titor | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de marzo | Informes do alumnado con NEAE que solicita cambio de centro educativo ou reserva de praza de alumnado con NEAE no propio centro educativo | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Profesorado titor | Expediente do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| 4ª semana de marzo | Asesoría vocacional do alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO, e de 1º e 2º de Bacharelato | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| Mes de abril | Reunión Comisión de Coordinación Pedagóxica | Equipo Directivo (planificar e coordinar)<br>Dpto. Orientación (asesorar e apoiar)<br>Profesorado (informar e propor) | Reunión 2ª avaliación<br>Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de abril | Envío do seguimento do 2º trimestre do Reforzo Educativo<br>Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de abril | Reunión sobre as propostas de Flexibilización para o Servizo de Inspección Educativa | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de abril | Reunión sobre as propostas de Flexibilización para o Servizo de Inspección Educativa | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª semana de abril | Asesoramento e orientación a nivel Académico e Profesional 2º e 3º da ESO | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de abril | Asesoramento e orientación a nivel Académico e Profesional 4º da ESO | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de maio | Asesoramento e orientación a nivel Académico e Profesional<br>1º e 2º de Bacharelato | Dpto. Orientación<br>Profesorado titor<br>Xefatura de Estudos | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 2ª semana de maio | Reunión 3ª avaliación e avaliación | Equipo Directivo | Información do alumnado |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| | ordinaria (2º de Bacharelato) | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación | Información do profesorado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª e 2ª semana de xuño | Reunión profesorado titor sobre o Consello Orientador para o alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO | Equipo Directivo<br>Profesorado titor<br>Dpto. Orientación | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª e 4ª semana de xuño | Reunión 3ª avaliación, avaliación final - ordinaria - extraordinaria (Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato e Formación Profesional) | Equipo Directivo<br>Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª e 4ª semana de xuño | Reunión profesorado titor sobre seguimento no 3º trimestre das medidas de atención á diversidade e NEAE e propostas para o próximo curso académico | Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 3ª avaliación e avaliación final<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª e 4ª semana de xuño | Reunión Dpto. Orientación sobre seguimento no 3º trimestre do Apoio AL / PT e propostas para o próximo curso académico | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 3ª avaliación e avaliación final<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª e 4ª semana de xuño | Seguimento do 3º trimestre do Reforzo Educativo Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Xefatura de Estudos | Informes da reunión 3ª avaliación e avaliación final<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 3ª e 4ª semana de xuño | Coordinación de seguimento do 3º trimestre cos servizos de atención externa do alumnado de NEAE | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT<br>Profesorado titor | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 4ª semana de xuño | Elaboración informe do alumnado con NEAE que cambia de centro educativo | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do alumnado<br>Información do profesorado |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| | | Profesorado titor | Recursos do Dpto. Orientación |
| Mes de xullo | Reunión Comisión de Coordinación Pedagóxica | Equipo Directivo (planificar e coordinar)<br>Dpto. Orientación (asesorar e apoiar)<br>Profesorado (informar e propor) | Reunión avaliación final - extraordinaria<br>Información do alumnado<br>Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de xullo | Envío do seguimento do 3º trimestre do Reforzo Educativo<br>Adaptación Curricular<br>Plan Específico Materias Pendentes<br>Plan Específico Alumnado Repetidor | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Equipo Directivo | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| 1ª semana de xullo | Memoria final do Dpto. Orientación | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Información do profesorado<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| A o longo do curso | Atender ás demandas do profesorado, alumnado e / ou familias | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Recursos dos Departamentos Didácticos<br>Recursos do Dpto. Orientación |
| A o longo do curso | Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamentos Didácticos | Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Recursos do Dpto. Orientación |
| A o longo do curso | Realización de avaliacións psicopedagóxicas ao alumnado | Dpto. Orientación<br>EOE (colaborar) | Recursos do Dpto. Orientación |
| A o longo do curso | Solicitudes de intervención do EOE | Dpto. Orientación | Recursos do Dpto. Orientación |
| A o longo do curso | Colaborar nas medidas de atención á diversidade e no seu seguimento trimestral | Profesorado / Profesorado titor<br>Dpto. Orientación<br>Profesorado Apoio AL / PT | Recursos do Dpto. Orientación |

**RECURSOS MATERIAS**

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso dotará as aulas ordinarias, aulas específicas, aula de Apoio en Audición e Linguaxe, aula de Apoio en Pedagoxía Terapéutica e Departamento de Orientación con recursos psicopedagóxicos, tecnolóxicos e materiais específicos necesarios para o desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe tendo presente a atención á diversidade.

Asemade, o Centro Educativo optará á solicitude das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con NEAE, coa finalidade de contribuír á xestión e adecuación dos recursos materiais no proceso de ensino - aprendizaxe de dito alumnado.

**RECURSOS HUMANOS**

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso, segundo a normativa vixente, segue os criterios prioritarios para a optimización dos recursos humanos na atención ao alumnado con NEAE.

Nese eixe o Centro Educativo conta cos profesionais especializados necesarios para atender ás necesidades do alumnado. Entre eses profesionais inclúese o profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica.

A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica, de ser o caso, xunto con outros profesionais específicos, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no PAD.

A Dirección do CPR Plurilingüe SEI San Narciso, dentro da súa autonomía organizativa, pedagóxica e de xestión, distribuirá e optimizará os recursos segundo a súa planificación educativa e tendo presente os principios xerais do PAD do Centro Educativo.

Neste eido, a organización dos recursos humanos de cara ao desenvolvemento das medidas de atención á diversidade no CPR Plurilingüe SEI San Narciso, realizarase da seguinte maneira:

- Exención de 2ª Lingua Estranxeira: O alumnado con exención de 2ª Lingua Estranxeira recibirá un programa de reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas con atribución horaria (Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas). Será impartido polo profesorado de ditas áreas ou materias correspondentes ou polo profesorado doutros Departamentos Didácticos en función da dispoñibilidade horaria. Coordinación realizada pola Xefatura de Estudos.
- Reforzo Educativo e/ou apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: Profesorado da área ou materia correspondente ou polo profesorado doutros Departamentos Didácticos en función da dispoñibilidade horaria. Coordinación realizada pola Xefatura de Estudos.
- Programa de Enriquecemento Curricular: Prioritariamente, polo profesorado da área ou materia correspondente. Coordinación polo Departamento de Orientación.
- Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas: Profesorado da área ou materia correspondente con atribución horaria (Lingua Castelá

e Literatura, Lingua Galega e Literatura ou Matemáticas). Coordinación pola Xefatura de Estudos.

- Plan específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso. Profesorado titor do grupo. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Plan de reforzo para alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que pase de curso con materias sen superar: Profesorado da materia correspondente no grupo. De ser o caso que non houbera continuidade na materia, a atención dependerá da Xefatura do Departamento Didáctico correspondente. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Plan específico personalizados para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso: Profesorado titor do grupo. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Programa de habilidades sociais e mellora da convivencia: Orientador e profesorado titor. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Apoio en Audición e Linguaxe: Profesorado especialista de Audición e Linguaxe. Coordinación polo Departamento de Orientación.
- Apoio en Pedagoxía Terapéutica: Profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica. Coordinación polo Departamento de Orientación.
- Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR): Profesorado dos diferentes Departamentos Didácticos en función da dispoñibilidade horaria. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Adaptacións Curriculares: Profesorado da área ou materia correspondente ou pola xefatura do Departamento Didáctico correspondente. Coordinación pola Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación.
- Agrupamentos flexibles; flexibilización do período de escolarización; modalidade de escolarización combinada, atención educativa domiciliaria ou hospitalaria; atención educativa ao alumnado con dificultades para unha asistencia continuada ao Centro Educativo; grupos de adquisición de linguas; grupos de adaptación da competencia curricular; e alumnado de incorporación tardía con desfase curricular: Coordinación pola Xefatura de Estudos, o Departamento de Orientación, o profesorado titor e o equipo docente. En cada caso particular, seguiranse as instrucións establecidas desde a Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

**TIPOLOXÍA DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE)**

A lexislación vixente sinala a relación e diferenza entre NEAE e NEE. Neste eido o alumnado NEAE inclúe tanto ao alumnado con NEE, como a todo o alumnado das situacións descritas no artigo 71.2 da LOMLOE. Pero non todo o alumnado de NEAE é NEE, xa que para ser alumnado con NEE debe cumprirse o establecido no artigo 73.1 da LOMLOE.

Para garantir a resposta ás NEAE que se presenten no CPR Plurilingüe SEI San Narciso e preciso identificar e valorar as NEAE e NEE do alumnado, segundo:

- Alumnado con NEAE:
  Considérase alumnado con NEAE aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar NEE, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención e de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- Alumnado con NEE.
  Considérase alumnado con NEE aquel alumnado que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presencia, participación o aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves da conducta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ao longo de toda ela, e que requira determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos da aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Alumnado con Dificultades Específicas da Aprendizaxe (trastornos no desenvolvemento da linguaxe, da comunicación e da aprendizaxe).
  Considerase alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe cando seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha o varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático son significativamente discrepantes con seu potencial de aprendizaxe.

  As dificultades específicas da aprendizaxe afectan, de forma exclusiva, á adquisición e dominio das aprendizaxes instrumentais que, como consecuencia de disfuncións neurolóxicas, comportan déficits cognitivo - lingüísticos que interfiren nas aptitudes académicas básicas de lectura (dislexia), escritura (disortografía - disgrafía) e matemáticas (discalculia). Aparecen de modo impredicible, xa que non se asocian a un CI baixo nin a problemas sensoriais, neurolóxicos ou emocionais graves; e tampouco a situacións de escolaridade ou socioculturais deficientes, persistindo despois dos primeiros cursos de Educación Primaria.

- Alumnado con TDAH.
  Considérase alumnado con TDAH cando presenta trastorno por déficit de atención e hiperactividade persistente de conduta de desatención, hiperactividade e impulsividade que inflúe negativamente no funcionamento e no desenvolvemento de dito alumnado; e por conseguinte, no desenvolvemento académico e educativo.

- Alumnado con TEA (incluíndo Ásperger).
  Considérase alumnado TEA (trastornos previamente chamados autismo da primeira infancia, autismo infantil, autismo de Kanner, autismo de alto funcionamento, autismo atípico, trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado, trastorno de Ásperger) cando presenta trastornos do neurodesenvolvemento, que ten como características principais o deterioro persistente da comunicación social recíproca e da interacción social; e patróns de conduta, intereses ou actividades restritivos e repetitivos.

- Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.
  Considérase alumnado con altas capacidades intelectuais cando presenta unha capacidade intelectual superior, un alto nivel de creatividades, e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas as súas áreas de interese. Dentro das posibles manifestacións das altas capacidades, cómpre diferenciar entre precocidade intelectual, talento e superdotación intelectual.

  - A precocidade intelectual supón un desenvolvemento cognitivo máis rápido que o resto das nenas e nenos da mesma idade. Fálase de precocidade intelectual cando as habilidades ou capacidades se adquiren antes do esperado, seguindo criterios cronolóxicos. Cómpre ter presente que a precocidade está moi ligada ao desenvolvemento xeral e á maduración cerebral, polo que se debe realizar o seu seguimento ata os 7 - 8 anos, momento no que procederá unha nova valoración.

  - O talento refírese ao alumnado que amosa unha alta capacidade para unha ou varias áreas concretas do coñecemento e/ou habilidades excepcionais, pero non en todas. Cómpre diferenciar entre o talento simple (creativo, lóxico, matemático, verbal, social, deportivo) e o talento complexo (académico, artístico - figurativo).

  - A superdotación intelectual implica un perfil cognitivo superior e homoxéneo, cun elevado dominio en todas as áreas de coñecemento ou habilidades. No alumnado superdotado converxen un nivel intelectual elevado, unha alta creatividade e gran persistencia en determinadas tarefas.

- Alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar
  Considérase alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, aquel alumnado que cumpre algunha ou varias das seguintes condicións:
  - Alumnado inmigrante.
  - Alumnado repetidor.
  - Alumnado con áreas ou materias pendentes.
  - Alumnado con atención hospitalaria ou domiciliaria.
  - Alumnado con atraso curricular xeneralizado.
  - Alumnado con risco suicida.
  - Alumnado absentista.
  - Alumnado en réxime de acollida ou situación de vulnerabilidade socioeducativa.

En cada caso particular, o CPR Plurilingüe SEI San Narciso garantirá a resposta educativa ao alumnado segundo o recollido no PAD referente ás actuacións, medidas ordinarias, medidas extraordinarias e / ou programas para a atención á diversidade.

**PROFESORADO ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE E PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOGXÍA TERAPÉUTICA.**

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso dispón, para unha mellor intervención e seguimento do alumnado con NEAE de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica como apoio educativo para contribuír ao desenvolvemento e aprendizaxe do alumnado.

Neste eido, as función propias do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica son:

- Participar na elaboración do PAD e colaborar no desenvolvemento, seguimento e evolución das medidas establecidas no mesmo; asesorando nos programas de intervención individual, no desenvolvemento das adaptacións realizadas, e nas axudas técnicas e de acceso ao currículo.

- Intervir directamente co alumnado con NEAE que o precise; coordinándose cos membros do Departamento de Orientación, co profesorado titor, e co equipo docente.

- Elaborar e adaptar materiais para a atención educativa especializada ao alumnado que recibe Apoio en Audición e Linguaxe e / ou Apoio en Pedagoxía Terapéutica e proporcionar orientacións ao profesorado responsable da área ou materia para a adaptación de materiais básicos e materiais de apoio.

- Colaborar, co equipo docente do Centro Educativo, na prevención, detección e valoración de dificultades ou problemas de aprendizaxe.

- Valorar, xunto co profesorado titor e o equipo docente, o seguimento do proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado, de acordo aos obxectivos e contidos establecidos.

- Colaborar co profesorado titor e co Departamento de Orientación no asesoramento ás familias do alumnado, en relación ao proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado con NEAE co que intervén.

Como criterio xeral a intervención do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e / ou en Pedagoxía Terapéutica (como medida extraordinaria de atención á diversidade) só se producirá cando a aplicación das medidas ordinarias de atención á diversidade resulten insuficientes e/ou ineficaces, e previa avaliación psicopedagóxica realizada polo Departamento de Orientación.

A intervención do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e / ou en Pedagoxía Terapéutica realizarase, como norma xeral, na aula ordinaria atendendo a función inclusiva da educación e tentando que sexa un espazo no que o alumnado poida desenvolver de xeito personalizado a súa aprendizaxe. Non obstante, dada a peculiaridade da intervención en Audición e Linguaxe (especialmente as intervención de rehabilitación fonético - fonolóxica), realizarase o seu desenvolvemento na aula de Apoio de Audición e Linguaxe.

## 17.5. Profesorado responsable do alumnado con NEAE

A coordinación entre profesorado, profesorado titor e Departamento de Orientación e fundamental para a prevención, detección e valoración das necesidades educativas do alumnado. O rol específico do profesorado titor, ademais de estar asociado á docencia dunha área ou dunha materia, supón o tratamento personalizado do alumnado, coñecendo e asesorando a súa inclusión e participación no Centro Educativo, o seu desenvolvemento persoal e social, o seu proceso de aprendizaxe, a súa toma de decisións, entre outros factores. É dicir, a responsabilidade do profesorado titor vai moito máis alá de dar clase a un grupo de alumnado, pois ao profesorado titor compételle axudar ao desenvolvemento individual do alumnado do grupo e, ao mesmo tempo, ao desenvolvemento colectivo. De aí, que na figura do profesorado titor recaia a coordinación do equipo docente e o contacto permanente coas familias.

Tendo en consideración todos estes aspectos, resulta evidente que o profesorado titor é o mellor coñecedor de cada unha das alumnas e dos alumnos do seu grupo, polo que calquera dificultade ou desaxuste nos seus procesos de ensino - aprendizaxe non debería darse sen o seu coñecemento e sen a súa intervención ou actuación.

En consecuencia, cando a familia ou o profesorado observen que unha alumna ou un alumno presenta dificultades no desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe débense adoptar medidas ordinarias de atención á diversidade e poñer en coñecemento do profesorado titor; para que se ditas medidas non son suficientes e/ou resultasen ineficaces solicitar a intervención do Departamento de Orientación do Centro Educativo para colaborar ao respecto.

Neste senso, a comunicación e colaboración, nos distintos niveis educativos, entre o profesorado, o profesorado titor e o Departamento de Orientación manterase mediante reunión semanal para informar do seguimento do grupo e posibles casos de necesidades educativas do alumnado.

O profesorado titor, en cada unha das etapas educativas, é responsable do alumnado con NEAE en estreita colaboración co Departamento de Orientación. Neste senso, as reunións do Departamento de Orientación có profesorado titor son de carácter semanal (1 hora) para un axeitado seguimento de dito alumnado, atención ás familias e colaboración con servizos externos ou asociacións. Asemade, o profesorado responsable do Departamento de Orientación manterá unha reunión semanal (1 hora) co profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica para levar un axeitado seguimento e control do apoio prestado ao alumnado e informar trimestralmente as familias. E o profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica reunirase semanalmente (1 hora) con profesorado titor da Educación Infantil e da Educación Primaria para a posta en común das accións desenvoltas e seguimento das mesmas.

Compre salientar que de todo o alumnado atendido no Departamento de Orientación abrirase expediente para seguimento e quedará salvagardado segundo a normativa vixente de protección de datos.

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso promove a implicación das nais, pais ou titores legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao seu desenvolvemento integral, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos documentos de organización, xestión

e funcionamento do Centro Educativo están recollidas ditas actuacións destinadas a esa finalidade.

O CPR Plurilingüe SEI San Narciso fomenta a posta en marcha de programas familia - escola para que as nais, pais ou titores legais do alumnado reciban información e asesoramento como axuda no seu labor educativo, facilitar a comunicación co profesorado e mellorar a participación no Centro Educativo.

#### COORDINACIÓN COAS INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS EXTERNAS

A colaboración coas institucións educativas externas é fundamental para contribuír e garantir unha mellor resposta no eido da atención á diversidade. Debido á realidade educativa do CPR Plurilingüe SEI San Narciso, a colaboración (baixo coordinación e supervisión da Dirección do Centro Educativo) que se mantén e promove coas institucións educativas externas é a seguinte:

- Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAPXG). Colaboración mediante intervención dun profesional en logopedia e linguaxe de signos para atención a alumnado con NEAE e grupo de iguais.
- Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Colaboración mediante charlas informativas, preventivas e xornadas de sensibilización en temas de TIC, drogas, e violencia de xénero para alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Corpo Nacional de Policía (Concello de Marín). Convenio de colaboración mediante o Programa Ciberexpert@. Dirixido ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria.
- Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos (Delegación do Goberno en Galicia e Alta Inspección Educativa). Colaboración mediante charlas informativas e formativas sobre o acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías e bandas xuvenís, para alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Servizos Sociais do Concello de Marín. Colaboración cos traballadores sociais, educadores sociais e psicólogos coa finalidade de solicitar a información necesaria para planificar a resposta máis adecuada ás necesidades educativas do alumnado e traballar en equipo para mellorar a súa situación persoal e educativa.
- Servizos Sanitarios (Unidade de Pediatría, Neuropediatría, Infanto-Xuvenil de Saúde Mental). Colaboración para aportar información indispensable para guiar o desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado con NEAE e/ou patoloxías específicas.
- Gabinetes Psicopedagóxicos que desenvolven a reeducación pedagóxica e logopédica externa. Colaboración para contribuír ao desenvolvemento do proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado con NEAE.

## 17.6. Horas de coordinación entre o profesorado titor e profesorado de Apoio AL / PT

O profesorado responsable do Departamento de Orientación manterá reunión semanal co profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado

especialista en Pedagoxía Terapéutica para levar un axeitado seguimento e control do apoio prestado ao alumnado e informar as familias, con carácter trimestral.

O profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica reunirase semanalmente co profesorado titor da Educación Infantil (1 hora) e da Educación Primaria (1 hora) para a posta en común das accións desenvoltas e seguimento das mesmas.

Cada trimestre farase seguimento do alumnado que recibe apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe e profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica, atendendo os contidos traballados e adecuando os mesmos en función do avance do alumnado ou novas necesidades detectadas.

O Departamento de Orientación promoverá a coordinación e colaboración entre os diferentes servizos externos que presten apoio ao alumnado coa posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes, tanto do profesorado titor como do Departamento de Orientación; de ser o caso, para formar parte e contribuír ao proceso de coordinación e atención do alumnado.

# 18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- O documento está elaborado e aprobado polo Claustro Docente e aprobado no Consello Escolar.

| Nome Coordinador/a | Nivel/Especialidade |
|---|---|
| Antonio Traba Miñones | |
| Nome equipo dinamización de convivencia | Nivel/Especialidade |
| María Pintos Dopazo | |
| Rosario Senra Carballa | |
| Patricia Villanueva Otero | |

- Obxectivo principal de convivencia do curso: Aplicación e revisión do Plan de Convivencia.
- Dar a coñecer o documento a toda a comunidade escolar.
- Publicación na web do centro.
- Especial atención ós casos de violencia física ou verbal.

# 19. PLURILINGÜISMO

## 19.1. Profesorado Responsable

| Nome Coordinador/a | Horas redución |
|---|---|
| Flor García Rodríguez | |
| Nome profesores AICLE/CLIL | Nivel/Especialidade |
| Patricia Villanueva Otero | INFANTIL |
| Ana Rodríguez Gómez | INFANTIL |
| Antía Muñoz Vidal | INFANTIL |

| | |
|---|---|
| Úrsula Delgado Ponte | PRIMARIA |
| Ana Ogando Abeledo | PRIMARIA |
| Alejandra Pujol Nicolás | PRIMARIA |
| Nuria Area Arias | PRIMARIA |
| María Pintos Dopazo | ESO |
| Cristina Abad Vieito | ESO |
| Alberto Fraile Cancela | ESO |

## 19.2. Seccións Bilingües/Plurinfantil

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Nº alumnado nova incorporación | Teñen autorización por escrito dos pais | Materias | Lingua na que se imparte |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | 2 | 32 | 32 | Sí ☒ Non ☐ | Globalizado | Inglés |
| 5º EI | 2 | 40 | 0 | Sí ☒ Non ☐ | Globalizado | Inglés |
| 6º EI | 2 | 40 | 2 | Sí ☒ Non ☐ | Globalizado | Inglés |

## 19.3. Centros Plurilingües

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Materias | Lingua na que se imparte |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | 2 | 30 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 2º EP | 2 | 34 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 3º EP | 2 | 41 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 4º EP | 2 | 36 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 5º EP | 2 | 41 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 6º EP | 2 | 39 | Ciencias Naturais e Sociais | Inglés/Castelán |
| 1º ESO | 2 | 57 | Matemáticas e Bioloxía | Inglés/Castelán |
| 2º ESO | 2 | 51 | Matemáticas e Física/Química | Inglés/Castelán |
| 3º ESO | 2 | 63 | Matemáticas e Bioloxía | Inglés/Castelán |
| 4º ESO | 2 | 52 | Matemáticas e Educación Física | Inglés/Castelán |

## 19.4. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe ou seccións bilingües

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade humana. Só dende unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo.

No que ao Programa Plurilingüe se refire, é preciso avaliar o desenvolvemento realizado a través da súa concreción anual. Para iso, establecemos algúns dos procedementos e instrumentos que poidan ser utilizados para valorar o grao de cumprimento da planificación deste programa, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

Entre estes procedementos ou instrumentos caben destacarse:

- Reunións entre o coordinador do programa co resto do profesorado implicado no proxecto, e máis coa persoa auxiliar de conversa. Ditas reunións constitúen oportunidades para a reflexión, o análise e o debate, permitindo detectar as dificultades que poidan xurdir á hora de implementar a concreción anual, así como o consenso da súa aplicación e desenvolvemento.
- Cuestionarios cumprimentados por titores e titoras, polo profesorado en xeral e polas familias, que aporten información sobre a percepción do programa, sobre a súa idoneidade, así como sobre a eficacia das actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento.
- Análises dos resultados escolares, que nos dean pistas sobre aspectos a reforzar. Ditos resultados poden poñer de manifesto a necesidade de introducir cambios no programa, que contribúan a unha mellora das expectativas escolares e do rendemento académico do alumnado.
- Memoria final, que contemple todas as conclusións sobre a avaliación levada a cabo, ademais de especificar as técnicas e instrumentos utilizados para a recollida de información, así como de canalizar as correspondentes propostas de mellora que se fagan ao respecto.

## 20. PLAN PROXECTA

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa: NON SE PARTICIPA

## 21. CONTRATOS-PROGRAMA:

NON SE PARTICIPA

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

| **Plan/Proxecto: NATIVOS EN INFANTIL** | | | |
|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | No 2º ciclo de Infantil, durante media xornada lectiva, cada sección ten un nativo en inglés co fin de ir traballando o listening cos mais pequenos. O centro pon á disposición deste proxecto un total de 3 nativos de 3 acentos diferentes que se rotan cada trimestre. | | |
| **Obxectivos** | Traballar o listening e o speaking dende moi pequenos. | | |
| **Cursos implicados** | 2º ciclo de Educación Infantil | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividades** | Durante a xornada lectiva | | |
| **Plan/Proxecto: POLOS CREATIVOS** | | | |
| **Descrición do programa** | Os Polos Creativos son espazos educativos innovadores cun diseño modular e innovador, dotados de equipación especializada, que ocupan espazos físicos definidos nos centros educativos. Funcionan como centro de actividades nos que se traballan a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o encausado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión 3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras. | | |
| **Obxectivos** | Crear os espazos correspondentes. | | |
| **Cursos implicados** | Todo o centro | | |
| **Temporalización** | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | A Dirección | | |
| **Actividades** | Durante a xornada lectiva | | |

## 23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Para poder utilizar as instalacións do colexio:
    - Terá prioridade o profesorado e o alumnado do centro.
    - No caso de ser persoa ou entidade allea ó centro, ten que chamar ó teléfono do centro, para alugar a instalación. Segundo a instalación hai unha tarifa ou outra
    - Os horarios dispoñibles son:
        - Ata ás 18:00 para uso interno do colexio
        - Ata ás 23:00 para uso externo do colexio
    - No caso de ser persoa ou entidade allea ó centro, as instalacións alugables son as deportivas (TODAS) e as diferentes aulas establecidas no primeiro andar do edificio Hotel

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- <u>Avaliación dos resultados académicos</u>
    - A avaliación farase aproveitando as diferentes avaliacións que se fan durante o curso escolar.
    - A final de curso, nunha reunión previa ó claustro final farase unha avaliación final dos resultados académicos.
- <u>Avaliación do funcionamento do centro</u>
    - Faranse avaliacións regulares coa xerencia da titularidade.
- <u>Avaliación da relación coas administracións</u>
    - Mediante reunións co Concello e Inspección.